

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	NIGRÁN
Edificio	Igrexa de San Pedro da Ramallosa
Dirección	Lugar da Igrexa, s/n. 36379
	42.125629 -8.803296
Protección	
Descricion	<p>Esta igrexa é unha edificación construída en catro etapas onde houbo un probable xacemento romano.</p> <p>A Igrexa tiña inicialmente unha soa nave. A súa primeira fase foi románica, moi sinxela, posiblemente entre os séculos IX-X, como se aprecia polos canzorros do corpo central. A este corpo inicial engadiuse, polo Sur, unha capela de estilo gótico, con probabilidade no século XIV. A súa bóveda é de cantería e nervaduras. No ano 1769 fíxose unha nova ampliación, que consistiu no traslado para o Oeste da fachada principal como actualmente a contemplamos. A porta principal adórnase cunha moldura e enmárcase con dúas pilastras que sosteñen unha pequena cornixa que fai de base para a fornela que acolle a imaxe pétrea do Patrón. Un ocelo relevante con derrame ao exterior no mesmo eixo ocupa o centro do paramento. Dous pináculos flanquean a fachada. Remátase o conxunto coa espadana de dous corpos. No primeiro con dous ocos en arco de medio punto, e o segundo cun só arco e frontón curvilíneo, con outros dous pináculos e cruz pétrea de remate.</p> <p>Finalmente, a mediados do século XIX modificouse o presbiterio, cubríndoo cunha bóveda de pedra en medio canón. É probable que sexa esta reforma da bóveda do presbiterio a que aproveitou os materiais da capela dedicada a Santa María Magdalena que Ávila y La Cueva nomea e comenta que foi mandada derruír no ano 1854 (por decreto de 15 de Marzo) polo bispo Frei Francisco García Casarrubios a causa do seu estado ruinoso.</p> <p>O retablo maior ocupa todo o paramento da ábsida. No arquivo da Catedral consérvase o documento do encargo para a pintura e dourado do mesmo, feito a Benito Antonio Silva y Ruibal por parte do Cabido coa data de 3 de abril de 1780, pola cantidade de 1.550 reais. Na actualidade, polas desafortunadas restauracións sufridas, é case irrecuperable o seu valor artístico.</p> <p>A capela lateral do lado sur está dedicada á Virxe do Rosario. Nela atópase unha imaxe do Cristo do Desencravo, de escola sevillana de moi boa factura.</p> <p>Hai nesta capela outros dous pequenos retablos barrocos: o da Virxe do Rosario e o do Carne, cunha curiosa representación, en relevo, das Ánimas na fornela central.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	

Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	CARRERA, Anxo & TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	02-04-2026

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	San José Jesús y María	DÍEZ SANTAMARÍA, MOISÉS	1906	50	72
Espadana	Maior.	OCAMPO, JUAN (ARCOS DA CONDESA)	1948	90	422

Información completa: [Igrexa de San Pedro da Ramallosa - NIGRÁN \(GALICIA\)](#)

PDF (10-06-2026)